DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE REPULSA Á AGRESIÓN SUFRIDA POLO PRESIDENTE DA FEGAMP

A Xunta de Voceiros e Voceiras da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), condena rotundamente a agresión física e os insultos sufridos este pasado sábado polo alcalde de Vilagarcía de Arousa e presidente da FEGAMP, Alberto Varela. Uns feitos gravísimos en si mesmos pero especialmente insoportables se, ademais, como é o caso, se cometen por diverxencias de opinión política.

Os Voceiros e Voceiras da FEGAMP expresan a súa máis rotunda condena pola agresión sufrida por Alberto Varela. Uns feitos absolutamente intolerables que non teñen cabida nunha sociedade democrática.

A discrepancia política, por profunda que sexa, nunca pode derivar en insultos, ameazas ou agresións. A confrontación de ideas forma parte da democracia; a violencia e a intimidación son a súa negación.

Manifestamos tamén a nosa preocupación polo crecente clima de crispación que se está instalando no debate público. Cando desde determinados sectores políticos e sociais se normaliza unha linguaxe fascista de confrontación e deshumanización do adversario, increméntase o risco de que esa tensión remate trasladándose ás rúas.

O feito de que coa agresión se produciran insultos como "roxos de

merda", evidencian a necesidade de frear de inmediato calquera discurso de odio ou de sinalamento por razóns ideolóxicas.

Facemos un chamamento á responsabilidade de todas as forzas políticas para rebaixar a tensión e defender unha convivencia baseada no respecto, na tolerancia e no diálogo. Ningunha diferenza política pode xustificar un ataque contra unha persoa. Toda a nosa solidariedade co alcalde de Vilagarcía e presidente da FEGAMP e coa súa familia. Confiamos en que os feitos sexan plenamente esclarecidos e os seus responsables respondan ante a xustiza.

En democracia, as ideas combátense con argumentos e nas urnas, nunca coa violencia.

Santiago de Compostela a 6 de outubro de 2026